

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº24/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de febreiro/ Estado calamitoso

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

## LIBROS-d-ONS

### “MAREGRAFÍAS”

Neste apartado traio este libro de Anxo Cabada Álvarez, mestre, fotógrafo, escritor, artista,... Como mestre estivo destinado en Bueu, no Centro de Recursos, e de aí a súa relación cultural con esta vila e coa Illa de Ons, onde máis dunha vez, temos papeado unha centoliña acompañada cun tinta femia. Ten unha longa traxectoria como fotógrafo e Ons estivo presente cun traballo sobre os Percebeir@s. Tamén realizou un programa na Galega no espazo “Ao Fío do Retrato” sendo o seu protagonista Cesáreo, un dos únicos habitantes de Ons que pasa todo o ano na Illa. Cesáreo tamén foi o personaxe do Cabada escritor nun artigo na revista Os Galos nº 4 do ano 2010. Asimesmo realizou varios traballos sobre Ons na prensa galega.

Estamos a esperar que o Centro de Visitantes teña unha remodelación e haxa unha sala onde poder realizar exposicións e Anxo Cabada poda traer o seu magnífico traballo fotográfico sobre Os Percebeir@s de Ons. Á vez, iso si xa se podería realizar agora, que haxa pases na sala de audiovisuais e, entre outros, podan ver veciños e visitantes, ao que pronto lle deberían dar un Óscar, Cesáreo, no programa “Ao fío do Retrato”. Algún día se fará. **Páx. 1**



## ONS NA MEMORIA

Nesta entrega preséntovos unha foto de Anxo Cabada, inserida no libro “Maregrafías”, onde a percebeira tripulación do “Reo”, é a protagonista. **Páx. 1**

## OS CABALOS CULTOS

Careta, a egua que cuida Pepe de Miro, está indignada, porque na Illa de Sálvora, os cabalos alí existentes, poden entrar no museo do Pazo, sen embargo, ela non pode acceder ao Centro de Visitantes de Ons. **Páx. 3**



## LEMBRANZAS DE ONS

Con esta última entrega déixanos Manolo Feijut coas súas Lembranzas de Ons dos anos 70-80 s.XX. Remata cun “Dios che ampare da Xunta...”. Canta razón tiña. Alá onde esteas, unha aperta compañeiro.

Foto: A súa última obra, nun dos chanzos da casa onde vivía en Pereiró. **Páx. 3**



## OS MAPAS CON RUTAS, NOS FOLLETOS DA ILLA DE ONS

Veremos, en varias entregas, os diferentes folletos editados sobre Ons e os mapas que inserían para indicar as diferentes Rutas a realizar pola Illa.

**Pax. 4**



## COMEDELAS DOS NOVOS “CAMAWAIS”

A xuventude Camawaiana, xunto con algún veterano e varios aunosanos de corazón, están de aniversario, un lustro, xuntándose no inverno en Bueu e Portonovo para dar boa conta de mariscos varios, cocochas, arroces, ..., e fortalecer esa forte amizade que os une. **Páx 5**



## HemerONSteca

### A CAZA DO GURRUMULO

O Gurrumulo é unha especie protexida que habita na Illa de Ons. De cando en vez organizábanse concursos de captura como unha actividade máis nos Campamentos e Campos de Traballo. Loxicamente, non se lle facía dano algún e logo eran soltados.

Moitos veraneantes participan neses concursos, pois eran toda unha festa. **Páx. 2**

## BREVES

-ONS ARQUEOLÓXICA.

Arqueoloxía submarina.

-REVISTA CULTURAL AUNIOS. Homenaxes e colaboradores.

-“AS ILLAS DOS DEUSES”, novela de Serafín Parcero. Ons e Castelao protagonistas.

## ONS NA MEMORIA

### A TRIPULACIÓN DO <REO>

Aproveitando que neste número vou falar do magnífico libro de Anxo Cabada “Maregrafías”, pedínlle permiso e a foto da tripulación do “Reo” para inserir nesta sección. Dita tripulación, que el fotografou nun dos seus magníficos traballos realizados na Illa sobre os percebeir@s de Ons, vemos a Luís ao fronte da dotación e, á esquerda, a súa dona María, dúas excelentes persoas, sinxelas, agarimosas e moi traballadoras, pais da matriarca do Chiringo de Area dos Cans e avós de María e Eva.

Sempre recordarei a Luís, despois de vir do mar, achegarse ata o Checho ou Acuña e, tomando un viño con nós, explicarnos como lle fora o día. Cando remataba a conversa e decidía marchar para a súa casa en Pereiró, dicía: “*Marcho, vou mandar facer unha empanada, se queredes vir despois, sabedes onde está a vosa casa*”. Dende logo era unha oferta nada desprezable, e temos ido máis dunha vez. María, aparte de boa mariñeira e non digamos percebeira, era unha gran cociñeira e as súas empanadas, no forno de leña da lareira, eran de quitarse o sombreiro.

Foto: Anxo Cabada. Maregrafías. 2008



## LIBROS -d- ONS

### “MAREGRAFÍAS”

Desta traio o libro “Maregrafías” que fala da simbiose entre a poesía e as xentes do mar. Poesías de diferentes autores e fotos de Anxo Cabada. Para falar del mellor as palabras do seu autor. O que si quero deixar constancia é da dedicatoria que me brindou nel e que di: <A Tinón, buceador das memorias de Ons>.

*“Maregrafías, poesías e fotografías do mar, é unha danza entre a poesía e a fotografía co mar de fondo.*

*Retratos do mar co arrecendo a salitre, retratos de mulleres coa soidade da nostalxia, retratos de voluntarios coa ferida do mar, pero sempre o mar nos ollos, ou nas mans das persoas que o senten como loita e traballo, como a vida que foi, ou como a solidariedade que compartiron.*

*Fotos de homes e mulleres do mar que xeran verbas, que evocan sentimentos ou recrean emocións, poesías ou textos poéticos que agroman a partir das imaxes, coa variedade e diversidade das miradas persoais dos escritores e escritoras galegas.”*

Especiais as fotos dos percebeir@s de Ons, realizadas a mediados dos anos 90 s.XX, onde veremos a Aurita e a súa filla Carmen, a Pepucho, a familia de Emilio, a dous mozos Pepiño e o seu irmán Arturo,...., fotos de gran beleza e expresividade.

## PEPE DE MIRO. FOTÓGRAFO DA BORRASCA “JUSTINE” NA ILLA DE ONS. (30/01/2020)

Pepe de Miro é un dos illáns que, xunto ao matrimonio Cesáreo – Victoria, pasan todo o ano na Illa de Ons.

Dende logo é toda unha aventura pasar o inverno en Ons, sabendo que o horario de luz eléctrica é escaso e as condicións meteorolóxicas nas que se vive na Illa, son extremas. A borrasca “Justine” é un exemplo e Pepe de Miro non dubidou en achegarse ao carón do peirao para realizar esta preciosa foto.



m a r e g r a f í a s

anxo cabada

XUNTA DE GALICIA




## A CAZA DO GURRUMULO

Os que xa temos unha idade, recordamos aqueles tempos en que os nosos xogos estaban vinculados á rúa, á habilidade, á imaxinación,... As bólas, a buxaina, o pincho,... xogos como: hai luz, pai-filla-nai, o pano, pés quedos,... Quen non xogou a eles? Despois había os habituais dos campamentos, entre os que destacaban, os de orientación con pistas e códigos, busca do tesouro,..., e ata os máis didácticos, como o estudo e procura de información sobre o lugar onde estaba instalado o campamento. Pero era aquí, onde se concentraban grandes grupos de rapaces, cando a imaxinación saía a relucir, e sempre había, sobre todo entre os veteranos, quen preparaba algunha broma para os novatos. Entre elas estaba o ir, sobre todo de noite, á caza do Gamusino. Era unha especie de novatada con infinidade de variantes e formas de levala a cabo, e onde aos que se lle facía, acababan mollados, pintados, sen roupa, perdidos,..., e ás veces escapando dun terceiro ao que lle fixeran algo mentres el esperaba co saco.

Pois ben, na Illa non ía a ser menos, e os que levabamos alí xa uns anos, cando chegaba alguén novo que quería facer cuadrilla con nós, sempre algunha lle gastabamos, iso si, sen pasarnos. O tema de ir aos gamusinos daba moito de si, pero esa palabra era xa moi coñecida, de aí o cambio a "Gurrumulo" que era unha especie illán metade peixe metade ave mariña, neses intres protexida, xa que, noutros tempos, coa súa pel, facíanse *biquinis*, tangas e ata traxes de baño tipo "sete mareas" que popularizou Miguel de Ourense <Manzanitas> cos que se marcaba un bo paquete, normalmente Winston, que nel metía para que ninguén lle pedirá un cigarro.

Pois si, foron moit@s aos que levamos á caza de Gurrumulos, con grandes risadas, non exentos dalgún enfado. Tan popular fíxose esta práctica que ate se me ocorreu facer un pequeno artigo de prensa sobre ela. Quizais cando a leades, moitos deses nomes non vos dirán nada; normal, xa pasaron máis de 30 anos, pero o artigo ten sorna e retranca, xa que, a carón do conto aparecen conflitos que se estaban a vivir neses intres en Ons e aparecen camuflados no artigo.

(O que si, non é broma, é que moitos deles aínda están sen resolver despois de 30 anos.)



4

## PONTEVEDRA

DIARIO DE PONTEVEDRA  
Viernes, 10 de enero de 1992

### A illa de Ons: "A caza do gurrumulo"

(Por CELESTINO PARDELLAS DE BLAS)

Omes de xullo despedíase, eu viña de contemplar o solpor cando o achegarse ó Acuña atopei o meu amigo Suso, Suso Maquieira, coñecido por estas illas como "Maqui". Foi o que me deu a nova, permitirán o concurso da caza do gurrumulo, especie de cría na Illa i que está protexida xunto co gamusino plateado, a moto do Cesareo, as galiñas de Ginéa, o tractor do Garulo e a parella de Avestruces; polo que puseron a condición que despois da festa tiñan que ser soltados.

Os trámites legais para seguilo os levaron en secreto para non ser boicoteados por certos rupos encabezados polo "Cherif".

Todo estaba preparado, os carteis anunciadores xa estaban expostos na península, se contaba contaba con tanta asistencia de xente que ata un dos restaurantes da Illa preparou un folleto que á carón da lóxicas recomendacións gastronómicas que ofrece, poñía a disposición dos visitantes a posibilidade de coñecer as diferentes rutas turísticas, a localización exacta dos gurrumulos, as zonas de anidamento dos gamusinos e ampla información sobre a parella de avestruces que cría na Illa. O máis gracioso foi que enterados os Organismos Oficiais de tal folleto e por medo a quedar en ridículo, sacaron unhas fotocopias de outro, editado fai anos, sobre as Rutas do Moñudo Gamusino Plateado.

Importante foi tamén o contar, no mes de Agosto, no Servizo de Información da Illa on

xente experimentada para o ben informar os visitantes, posto que corria o rumusmús de que dito Servizo podería estar ocupado por parientes ou familiares de..., que non dispoñían dos coñecementos e requisitos regulamentarios para tal Servizo.

Contábase tamén coa presenza dun reporte videográfico que resaltaría o interese que dito concurso suscita e grabaría a enorme cantidade de xente que viñan nos barcos para logo expoñelo ante os incrédulos xefes dos Organismos Oficiais que tantas pegas poñen sempre. O que foi unha pena é que se esquecera de grabar as cataratas pestilentas que caen a carón da caseta do muelle, os verdeiros clandestinos, certas construcións na zona de Pereiró de dudosa legalidade e sin fosa séptica, a destrución de piornos para a supuesta construción de certas "chimeneas" de dudosa utilidade..., e que poden diezmar as poboacións de gurrumulos e gamusinos.

O día sinalado a comisión organizadora do concurso reuniuse no Pazo de Juánjikan en Area dos Cans, se atopaban o presidente e organizador maqui, bo coñecedor e estudioso do gurrumulo; coma secretario Miguel coñecido na Illa coma "o paquete seductor", din que por certa pequena cousiña que agacha detrás dos ridículos bañadores; tésoureiro José o "conguito", inda que houbo certas presións en contra deste nomeamento, por su mal administrar na compra dunhas botellas en certo bar da zona; vocais Omil, un rapaz adicado por completo o estudo da parella de avestruces, lideira que colleu

tan a peiuto que ata apadriñou ó único ovo que puseron en Ons ata a fecha; Quique, que dende a súa atalaia fareira orientada e coas placas solares da acougo nas notes de temporal, as crías tanto de gamusino coma de gurrumulo. Como terceiro vocal botouse man de Tinón, inda que tamén houbo moito desacuerdo pois din que andaba unha mijallada torpe, pero era ó único que podería substituír a Carlos Flores, substituído por exhibir unha camiseta alusiva a certa carreira de submarinos, alusión que á comisión organizadora considerou improcedente a tentatoria a su ideal ecoloxista e pacifista. Foi nomeado presidente de honra Juanjo o "barriquitas do Condado", tan pronto se coñeceu o páso do seu grupo político a outro.

Como sempre pasa cando se organiza un concurso con animais protexidos, houbo un pequeno susto ó chegar a denuncia da caza furtiva dun gurrumulo da especie gallinacea. Avisada a Guardia Civil e despois de recabar toda información necesaria, dirixíronse a zona de acampada de Chan da Pólvora, onde comprobouse a falsa alarma e a realidade, esultou que dúas famentas campistas, desas que chaman porreiras, debórbaban cáseque crú unha galiña propiedade dun potentado illán ó que lle roubaran.

Pasado o susto preparouse todo para o concurso. Necesitábase catro persoas, uns medios mundos, un tocata, un disco de Julio Iglesias coa canción Güendolín, unha linterna de luz vermella, e uns Walki-Talki.

Examinada concienzudamente toda a Illa, escolleuse a

praia de Area dos Cans, pois conta cunha anterga sepultura, escabada na pedra e perto do mar, ideal para agacharse o encargado de atraelos e cun chiringuito regentado por Minouuu, un entusiasta dos concursos populares, onde se poría a música. Os tres concursantes eleixidos foron o "Halcón Callejero", experto coñecedor da zona; o "Cantautor", do que din chegou a traelos coa luz dunha queimada e os cánticos da súa dona; o terceiro foi o coñecido "Sacristán de CorimbrONS", especialista en pesca-los polobos polos ovos.

Para ocupar o posto de atracción dos gurrumulos contábase coa presenza de Camilo, pero desconfiou de que podería fallar debido a súa atracción tamén cara as "gurrumulas" alemáns, inglesas e do país; polo que chamouse a outro gran experto en estas lindes coñecido como Moises, aproveitando a súa estada na Illa por motivos de traballo e ademais este ano ambelesado pola beleza dunha "gurrumula" la especie Padronesa-Pimentera, estaba de querer e non fallaría.

Foi un dez de agosto, a marea das máis baixas, todo estaba preparado, multitude de xente na praia e nos camiños, a comisión, o xurado e as autoridades entre as que se atopaba Javier o "Marques de Noalla", coñecido polo "Machadas", atopábanse no pazo de Juánjikan na terraza que asoma á praia e a fermosa Ría de Pontevedra.

Os tres concurrentes cos medios mundos e os Walkis preparados na auga, Moises coa linterna vermella e metido

na laxe do Grego lembraba os seus primeiros pasos polo Nilo, Minouuu facía xirar o plato onde Julio Iglesias falaríanos do seus amor por Güendolín.

As dez en punto Minouuu deixou caer a agualla sobre o disco e a Julio escoltouse non só en Ons sinón en toda a Ría de Pontevedra, á vez Moises erguíase e tumbábase coa luz vermella atraedora de gurrumulos. Cando xa escoltábase o zoar das ás dos animais perto da praia e o Halcón Callejero quería comunicarse co cantautor atopáronse cos Walkis tiñana motias interferencias producidas estas por membros de grupos ecoloxistas, contrarios a dito concurso, e que chegados detrás das "Mantas da Xuventude" no deixaban de emitir consignas intentando comunicarse cun tal "Capitán Machadas" -o que eran contestados cun "Echa-le bola, que aquí non dou pe con bola", e cun grito xorde de ¡ONS!

Prescindeuse dos Walkis, pero isto non foi un tranco para que a caza fora enorme. Despois dunhas dúas horas, rematou o concurso e as pezas leváronse a praia onde o Xurado, presidido polo Marqués de Noalla ó non ser invitados o alcalde de Bueu e delegados provinciais pola súa postura con respecto ó envío da Cruz Vermella e a Forza Pública, pasou a contalos e pesalos, resultando gañador o Halcón Callejero, con mias de 40 piezas que chegaron a pesar uns 150 Kg.

Despois de soltalos pasouse a entrega de trofeos que levouse a cabo nun coñecido e renovado restaurante da zona, onde foron agasallados os concursantes e invitados, polo "Pulpeiro da Illa", a festa foi seguida con música e baile ata as catro da mañán continuando logo no chiringuito ata altas horas da madrugada.



### Os cabalos tamén queren coñecer a Cultura das Illas do Parque Nacional onde habitan.

Un compañeiro, deses que están enganchados ao Facebook, pasoume a foto da esquerda dun dos cabalos da Illa de Sálvora. Dende logo aquí é onde se mira a diferenza entre as illas que compoñen o Parque Nacional. En Sálvora os cabalos poden entrar no Museo e gozar dos elementos alí expostos, sen embargo, na Illa de Ons, Careta (foto da dereita), a egua que coida Pepe de Miro, ten que quedarse á porta porque o Centro de Visitantes está pechado. Por que sempre Ons é diferente? Os cabalos e eguas teñen dereito a gozar da cultura, e Careta, que xa pasou por dúas importantes universidades (Cucorno e Caño), non quere ser menos.

### MANUEL FEIJOÓ RODRIGUEZ. MANOLO FEIJUT. "MANOLO CARALLO" LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS (V). REMATE

*Con a coña do goberno, comezaron os cismas e as crises, pois tiñan o problema de nomear Presidente da República de ONS.*

*Despois de muitas discusións, libacións, deliberacións, cabreos e labazadas, acordouse nomear rei da illa de ONS, que foi botado democráticamente por todos os membros do goberno en case pleno uso das súas facultades. E foi elixido por unanimidade o meu can, Carallo, un can culto que ladra en sete idiomas, que veu de terras de alén dos mares e chegou á illa como Moisés, pola água, agarrado a un madeiro e non dentro de unha cesta. E tan listo que lle fala aos mariñeiros da illa por morse, movendo o rabo en vibracións curtas e longas, ladrando e oubeando en todos os idiomas aínda que non hai demo que o entenda.*


*Solucionado xa o problema do goberno, comezaron os consellos de ministros que se celebraban todos os sábados na taberna do Checho, a porta aberta, e as deliberacións normalmente prolongábanse até amañecer mentres houberse viño e champú.*

*Como non había nada que arranxar pois todo estaba desarranxado, todo era euforía e alegría. Bebía-se a esgalla viño tinto e comía-se polvo, nécoras e ameixas e a veces, caía unha centola ou uns percebes.*

*E todo acababa co grito feliz da illa de "Viva o Carallo".*

*Até mais ver illa de ONS, que Deus che ampare da Xunta, compañeira.*

Manuel Feijoó Rodríguez - Feijút - 1985





Cadro arriba: Faro de Ons.  
Cadro abaixo: Marchando da Illa.



## OS MAPAS DE RUTAS NOS FOLLETOS E LIBROS SOBRE A ILLA DE ONS (I)

Podemos asegurar, sen medo a equivocarnos, que vai ser a partir dos anos 70 s.XX cando a Illa de Ons comeza a ser destino turístico. Eu recordo no 1975, cando pasei en Ons case catro meses, que en todo o verán, poderían vir un total de entre 1000 e 2000 persoas. Nestes intreos, o total que viña no 75 chega nos barcos da mañá de calquera día de verán. As razóns son moitas, pero non é esta pequena nova o lugar para analízalo; o que si, é que para eses turistas non había ningún tipo de información sobre as diferentes e importantes características da Illa e as rutas a realizar. Vai ser a finais dos anos 80 cando a maquinaria da administración dásele por abrir verdadeiras autopistas onde só había carreiros, e a modo de xustificación, se inventa unha Ruta, chamada, do Cormorán, que circundaba toda Illa. Logo, no ano 1992 Acuña realiza o primeiro folleto que, a carón das lóxicas recomendacións gastronómicas do seu restaurante, expón o primeiro mapa illán con tres Rutas Turísticas, denominadas A, B e C, que xunto ao do Cormorán, daba xa unha idea de que ver e a onde ir.

Esta iniciativa foi, aparte de polémica (que tampouco é o lugar para analízala), importantísima para o xa significativo número de turistas que chegaban a Ons e que, aparte de á praia e aos restaurantes, non sabían a onde ir nin que ver. Ter en conta que no 1982, ao lado do barco de sempre dende Bueu, únese outro que, con saídas dende Sanxenxo e Portonovo, zonas turísticas por excelencia, traen un importante número de visitantes. O primeiro folleto con Rutas triunfou, e chegaron o primeiro ano a facer unha tirada de 3000 exemplares, que se esgotaron rapidamente, e logo unha segunda de 2000.



Folleto e mapa da Consellería de Agricultura dos anos 80, cando realizan a Ruta do Cormorán (en cor vermello). As liñas negras son os demais camiños illáns.

Folleto de Acuña, realizado a principios dos 90. Nel, aparte da Ruta do Cormorán (en puntiños), vemos as tres Rutas deseñadas en diferentes cores e as zonas de interese, numeradas.

## CENTRO DE VISITANTES (IV) COMEZA A FUNCIONAR

A finais do mes de xullo do ano 2011 ábrese ao público as portas do Centro de Visitantes por primeira vez. Tiña un horario axeitado ao que se pretendía ofrecer ao público de 11 a 14 h. e de 16'30 a 19'30. Coido que ese horario daba pé aos visitantes a organizar a visita de mañá ou de tarde, á vez que tamén podería ser un recurso para os rapaces dos campamentos que veñen a pasar o día a Ons, organizándoos os monitores en pequenos grupos de visita. Na sala de audiovisuais proxectábase un vídeo do Parque en xeral, sempre que houbera público, sendo unha mágoa que non fose só da Illa de Ons.

Un ou unha guía recibíaos na zona de recepción e daba todas as explicacións precisas, tanto sobre o Centro como da Illa en xeral, á vez de informar sobre todas as dúbidas que xurdiran aos visitantes. Todo estaba en perfecto orde, funcionaba sen atrancos, ..., e como dixen ao principio desta sección, había por fin en Ons, un lugar onde poder descubrir aspectos da Illa que pasarían desapercibidos ao foráneo, xa porque son de difícil visualización ou desapareceron co tempo.

Nun primeiro intre cumpría o seu cometido, o horario era axeitado, contaba con guías especializados, ..., e ofrecía unha información xeral adecuada. Era un bo comezo, e sempre esperamos que, co tempo, se irían vendo as deficiencias e se mellorarían.



# UN LUSTRO DAS PAPADELAS DOS NOVOS CAMAWEIS



## ONS ARQUEOLÓXICA. <ARQUEOLOXÍA SUBMARINA>

Rematado o repaso ao tema arqueolóxico na superficie da Illa de Ons, imos a pasar agora a facer o mesmo sobre a parte somerxida. Hai que ter en conta que Ons atópase situada nas Rías Baixas galegas, zona de doada navegación e penetración cara ao continente. Ten bos fondeadoiros e é rica en auga doce, o que facilitou a través do tempo que fose lugar de navegación e parada de todo tipo de barcos, especialmente de corsarios e piratas que a asolaron e, á vez de ser causa do seu despoboamento, tamén orixinou combates navais que xunto aos numerosos baixos que configuran a súa costa, provocou, ao traveso do tempo, un bo número de naufraxios.

Pero se a arqueoloxía terrestre en Ons está desamparada en temas de investigación e prospección arqueolóxica, a submarina, nolo podemos imaxinar, entre outras cousas, debido a que ata hai 50 anos non contabamos con persoas preparadas nin co material adecuado para realizala, só afeccionados ao submarinismo, á pesca submarina e mariñeiros son os que, case sempre por casualidade, foron dando datos sobre pecios e achados arqueolóxicos somerxidos.

Dende hai uns anos, grupos de mergulladores federados e asociados, son os que están na procura, dun xeito máis ou menos científico, desta historia subacuática e dando a coñecer todo aquilo que se agocha neste medio e que pode darnos multitude de datos para coñecer máis de preto a historia somerxida de Ons e de Galicia en xeral.

Farei un repaso ao coñecido ata agora segundo a bibliografía existente e darei conta dos pecios e achados atopados na Illa de Ons.



**Foto arriba:** Temón do <Cordero González> afundido preto da praia de Melide.

**Foto abaixo:** Munición do <Barsac>, naufragou preto da Illa de Onza.

**Fotos:** Voz de Galicia e Faro de Vigo

# AUNIOS

Nº 26

Maio 2021



## Revista AUNIOS nº 26 HOMENAXES

Xa están a piques de dar remate á parte de artigos do número 26 da revista cultural AUNIOS que edita a Asociación Cultural “PineirÓns”.

Dende hai tres anos veñen dedicando unha homenaxe a todos aqueles personaxes que dun xeito ou outro investigaron, estudaron, traballaron,..., a prol da Illa de Ons a través do tempo. O primeiro homenaxeado foi Álvaro das Casas, logo Salustiano Portela Pazos, o ano pasado foron Ana Liste e Santiago Castroviejo Bolibar e este ano 2021, homenaxean ao matrimonio formado por Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar, polos magníficos traballos sobre a Santa Compañía e o Proxecto de estudo sobre o pasado e presente de Ons e a súa proxección futura, de Fernando; e os dedicados á Medicina popular da Illa de Ons e as Antigas prácticas tradicionais de Ons con relación ao embarazo e o parto, de María.

Aos homenaxeados acompañan magníficos artigos sobre Ons, ría de Arousa e o Grove e temática xeral. Contan con sinaturas acreditadas como Francisco Calo, Julio Carbayo, Martín Almagro, Santiago Boado, Alfredo Erias, Lino Pazos, Emilio Ferrer, Patricia Arias, Emilio Insua, Dopazo Entenza, Cosme D. Romay, Alonso Toucido, Antón Mascato, Santi Corral, Fatima Rey,..., entre outros.

## SERAFÍN PARCERO. “AS ILLAS DOS DEUSES”

Hoxe 4 de febreiro, cando me dispoñía a pechar este Onstopus, lía na Voz de Galicia que Xerais viña de sacar o libro do cangués Serafín Parcero, mestre xubilado e escritor, titulado “As illas dos deuses.” Serafín dinos: “*Imaxino a Castelao vivindo na Illa de Ons*”.

A trama é: “Bos Aires, 1948. Castelao acaba de pronunciar o discurso “Alba de gloria” nun momento en que xa sabe que ten a doenza do cancro. É entón cando aparece na cidade arxentina un sicario do goberno franquista coa encarga de matar a Castelao. De súpeto, por un motivo inesperado, o pasado volve con forza á memoria do galeguista trasladándoo a un verán que vivirá na Illa de Ons. A presenza do sicario, personaxe abxecto, responsable de “paseos” e asasinatos tras o estoupido da Guerra Civil e membro da policía secreta de Franco, leva a Castelao a ese verán que, cando era novo, pasara na illa reflexionando e pintando, enfrontándose ao feito de que non desexaba practicar a medicina. A medio camiño entre a ficción e a realidade histórica, “As illas dos deuses” é unha apaixonante novela de intriga construída a partir da reinvenção da nosa historia e da vida dunha das figuras máis míticas da cultura galega”.

